

Límites ao tamaño dos ficheiros que se envían á aula virtual en Moodle 2.6:

- Límite global da aula virtual. Este límite non se poderá superar en toda a aula virtual. Configúrase en **Administración do sitio > Seguranza > Políticas do sitio: Tamaño máximo do ficheiro enviado**. Podemos establecer un valor ata o límite establecido na configuración PHP dos servidores que actualmente é de 700 MBytes.
- Límite predeterminado para novos cursos. É o límite que se establece como predeterminado para cando se crea un novo curso. Configúrase en **Administración do sitio > Cursos > Configuración predeterminada do curso: Tamaño máximo de transferencia**. Este valor estará limitado polo límite global da aula virtual.
- Límite de curso. Para cada curso concreto pódese establecer un límite particular que nunca superará o límite global da aula virtual. Configúrase no formulario de configuración de cada curso.
- Límite xeral aos envíos de tarefas. O módulo de Tarefa en Moodle 2.6 permite establecer un límite xeral que se aplica a tódalas actividades de tipo Tarefa e que limita o tamaño dos ficheiros que se poden envían a calquera tarefa. Este límite configúrase en **Administración do sitio > Engadidos > Módulos de actividade > Tarefa > Engadidos de entregas > Entregas de ficheiros: Tamaño máximo da entrega**. O valor máximo configurable aquí será o límite global da aula virtual.
- Límite aos envíos de cada tarefa. Para cada actividade de tipo tarefa pódese establecer un límite particular na configuración da propia tarefa. O valor máximo configurable estará limitado polo menor entre o límite xeral aos envíos de tarefas, e o límite establecido no curso.
- Límite predeterminado aos adxuntos nos foros. É o límite predeterminado por defecto para os ficheiros adxuntos cando se crea un novo foro. Configúrase en **Administración do sitio > Engadidos > Módulos de actividade > Foro: Tamaño máximo do anexo**. O valor máximo configurable aquí será o límite global da aula virtual.
- Límite aos anexos de cada foro. Para cada actividade de tipo foro podemos establecer un límite distinto ao tamaño dos ficheiros anexos. Este valor será sempre menor que o límite establecido ao nivel do curso.
- Límite predeterminado aos envíos aos talleres. É o límite predeterminado por defecto para os envíos de ficheiros cando se crea unha nova tarefa de tipo taller. Configúrase en **Administración do sitio > Engadidos > Módulos de actividade > Taller: Tamaño máximo do anexo na entrega**. O valor máximo configurable aquí será o límite global da aula virtual.
- Límite aos envíos de cada taller. Para cada actividade de tipo taller podemos establecer un límite distinto ao tamaño dos ficheiros anexos. Este valor será sempre menor que o límite establecido ao nivel do curso.

